

**Las señoritas de Aviñón** Pablo Picasso, 1907 Óleo sobre lenzo. MOMA de Nova York.



É unha obra que se encadra no cubismo, en concreto nas súas etapas iniciais, o que se denomina protocubismo. estilo protocubista. Ao parecer, Picasso inspirouse nunha escena dun prostíbulo da rúa barcelonesa de Aviñón. Nos bosquejos previos, ademais das cinco mulleres, existía un personaxe que, cunha caveira na man, entraba por unha porta, que logo sería substituído.

Na obra final só aparecen as cinco prostitutas que se ofrecen ao espectador sobre un fondo de cortinaxes cun bodegón aos seus pés, co cal Picasso pode centrarse unicamente nas formas, que é o que lle interesa.

O fondo do cadro parece estar feito de vidros rotos, xa que son superficies triangulares que parecen translúcidas. A distinción entre obxecto e espazo é anulada pola fusión de ambos os a través de planos xeométricos. As figuras están violentamente xeometrizadas, construídas a base de triángulos con aguda esquinas.

En canto á cor, O uso preferente das cores cálidas volve máis rotundas as formas que se desvinculan asído fondo onde son utilizados os fríos e ocres. A pesar de ter un certo recordo da realidade (o alaranxado da pel), o seu ton saturado (moi forte) non pode ser considerado como realista e pódenos lembrar (aínda que nun menor grao) ao utilizado polos fauves que Picasso coñecía. A investigación sobre a luz non ten importancia para Picasso. Esta non incide no cadro, creando zonas cromáticas puras e eliminando, case por completo, o tradicional claroscuro

Elimínase o espazo tradicional desapareceu, convertido en formas xeométricas que se relacionan entre si. Cada unha das figuras femininas atópase nun grao distinto de xeometrización: nas tres da esquerda percíbese unha clara influencia de Cézanne (aínda recoñecemos as formas) e nas da dereita domina a influencia das máscaras africanas e da escultura ibérica. Por outra banda, as dúas centrais parécennos máis clásicas, lembrando na súa posición á de certas obras antigas. A ambos os dous lados (de perfil) atopámonos con outras figuras que teñen nos seus rostros os recordos da arte africana (máscaras) e íberos combinada coa da escultura grega arcaica.

Por último, sentada, a quinta señorita avanza radicalmente ao mostrarnos dous puntos de vista opostos (cara e costas), así como unha cara de volumes recompostos sen relación coa realidade. Na parte inferior aparece un bodegón formado por unha tallada de sandía, unhas uvas e unhas peras cuxas formas tamén foron simplificadas a formas xeométricas. Picasso, como xa empezaran a facer outros pintores con anterioridade, rompe as leis da perspectiva aínda que agora chega moito máis lonxe, podendo mostrar un mesmo corpo desde o dous punto de vista, lateral e frontal.

Este cadro de Picasso, cuxo título é equívoco en canto á orixe das mulleres resultou rompedor en canto á maneira de entender a pintura. Por primeira vez, Picasso achégase a un vello tema da pintura, o espido feminino, pero desde unha óptica radicalmente distinta. Así, as formas brandas, redondeadas e sensuais doutros tempos dan paso a corpos de formas angulosas e planas. As formas foron simplificadas coma se Picasso quixese esquecer a evolución dos últimos cincocentos anos de historia da pintura para volver a unha pintura que busca os seus referentes na arte románica europea, africana e íbera (primitiva), artes que rompen coa perspectiva que dominara a pintura occidental desde o Renacemento.

Esta obra (1907) é considerada a unha das primeiras obras do novo estilo cubista, un estilo do que Picasso xunto ao pintor Braque foron precursores e que supoñía un novo achegamento á pintura no que as leis da perspectiva víanse alteradas e as formas dos obxectos quedaban reducidas a formas xeométricas planas nun intento de captación máis intelectual e menos emocional da realidade.